

Recurso nº 33/2018**Resolución nº 33/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 25 de xuño de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por D. S. E. V. G. actuando en nome e representación de UTE-SERVICIOS ASISTENCIALES RIAZOR Y ATENDO CALIDADE contra a resolución de adxudicación dun contrato de servizo asistencial de atención diurna e atención residencial nos centros de día de Allariz, A Rúa, Vilar de Barrio, Xinzo de Limia, Maceda, Vilardevós, e nos Fogares Residenciais de Vilar de Barrio e Vilardevós, expediente: CGSIB/002/17/XSP-CONC-AD, por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en adiante, o Consorcio) convocouse a licitación do servizo asistencial de atención diurna e atención residencial nos centros de día de Allariz, A Rúa, Vilar de Barrio, Xinzo de Limia, Maceda, Vilardevós, e nos Fogares Residenciais de Vilar de Barrio e Vilardevós, cun valor estimado declarado de 7.446.544,62 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación no Perfil do contratante e no DOUE o 19-10-2017, no BOE o 23.10.2017 e no DOG o 2.11.2017.

Segundo.- Segundo o expediente da licitación, a mesma estivo sometida ao texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRL CSP, en diante).

Terceiro.- Impugna o recorrente a adxudicación do contrato de servizo asistencial de atención diurna e atención residencial nos centros de día de Allariz, A Rúa, Vilar de Barrio, Xinzo de Limia, Maceda, Vilardevós, e nos Fogares Residenciais de Vilar de Barrio e Vilardevós, realizada por resolución do Consorcio de 14.5.2018 a favor de TRONCOSO CASARES, SL. Tal notificación foi posta a disposición do recorrente no Notifica.gal o 21.5.2018, con acceso o 22.05.2018.

Cuarto.- O 6.6.2018 a UTE-SERVICIOS ASISTENCIALES RIAZOR Y ATENDO CALIDADE (UTE RIAZOR-ATENTO, en diante) interpuxo recurso especial en materia de contratación, perante o TACGal, mediante presentación electrónica en sede.

Quinto.- Con data 6.6.2018 reclamouse ao Consorcio o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 14.06.2018.

Sexto.- Trasládouse o recurso aos interesados con data 14.06.2018, sen que se recibiran alegacións.

Sétimo.- O 11.06.2018 o TACGal decidiu manter a suspensión automática do artigo 53 LCSP.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira.4 LCSP o presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de

novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- O recorrente foi o segundo mellor valorado, polo que ten a lexitimación do artigo 48.

Cuarto.- Dadas as datas citadas, o recurso foi presentado en prazo.

Quinto.- O PCAP recolle que existe transferencia de risco operacional e que a modalidade da contratación da xestión deste servizo será a concesión suxeita a regulación harmonizada, polo que ao estarmos perante un valor estimado de 7.446.544,62 euros, o recurso é admisible ao abeiro do artigo 44.1.c) e 2.c) LCSP.

Sexto.- O presente recurso se fundamenta na crítica ás valoracións do apartado B.1. do PCAP, Proxecto funcional de centro de día e residencial, no aspecto “cara as persoas usuarias”, por consideralas arbitrarias, na comparación entre a puntuación dada a súa oferta neste punto e a outorgada a adxudicataria TRONCOSO CASARES S.L.

Sétimo.- O informe do Consorcio argumenta sobre a corrección da súa valoración, con alegacións como as que logo mencionaremos.

Oitavo.- Impugna o recorrente a valoración realizada a efecto da adxudicación da presente licitación.

Como recollimos xa en precedentes resolucións do TACGal (por todas, Resolución 5/2018), nestes debates, ao tratarse de aspectos que se avalían con criterios estritamente técnicos, o Tribunal non pode corrixilos aplicando criterios xurídicos, sen prexuízo de que poidan ser obxecto de análise cuestións formais da valoración, como as normas de competencia ou de procedemento, por exemplo, ou a análise de se na valoración se aplicaron criterios arbitrarios ou discriminatorios, ou omisións ou erros materiais ao efectuala. Fóra destes aspectos, o Tribunal debe respectar os resultados de devandita valoración.

A recente Resolución 408/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais da conta de estamos perante unha doutrina plenamente vixente:



“En efecto, conforme a la doctrina expuesta, los informes técnicos están dotados de una presunción de acierto y veracidad, precisamente por la cualificación técnica de quienes los emiten y sólo cabe frente a ellos una prueba suficiente de que son manifiestamente erróneos o se han dictado en clara discriminación de los licitadores, en consecuencia este Tribunal ha de limitarse a comprobar si se han seguido los trámites procedimentales y de competencia, analizar si se ha incurrido en error material y si se han aplicado formulaciones arbitrarias o discriminatorias.”

O recorrente centra a súa discrepancia sobre a valoración no referido ao criterio do PCAP non avaliable de forma automática, “B.1. Proxecto funcional de centro de día e residencial”, no aspecto sobre “Cara ás persoas usuarias”, que recolle:

B.1. Proxecto funcional do centro de día e residencial (ata 20 puntos): valoraranse os seguintes aspectos:

CARA ÁS PERSOAS USUARIAS (15 ptos):

1.- Actividades para garantir a autonomía das persoas usuarias, a súa motivación, o fomento da súa responsabilidade e toma de decisións.

2.- Estratexias para favorecer que as persoas usuarias realicen actividades significativas, útiles e que estean dentro da súa cosmovisión forma de expresión.

3.- Actividades que teñan un carácter habitual e as que sexan extraordinarias. Poderase presentar un calendario anual.

4.- Metodoloxía para a estimulación das persoas usuarias de forma física, cognitiva e social de maneira que asegure a súa rehabilitación.

5.- Estratexias para o afrontamento de situación habituais como son os trastornos de conduta, as persoas de carácter difícil, as excesivamente solícitas de actividades ou pola contra, as que tenden á non participación

Pois ben, se acudimos ao informe de valoración, observamos que, neste apartado, se atribúe á proposición da recorrente a falta dun maior desenvolvemento no tocante ás actividades, que non son moitas as que se aportan para favorecer que as persoas usuarias realicen actividades significativas, e que se remiten, no tocante á metodoloxía, ás Guías. Todo isto é puntuado, de todas formas, cunha puntuación de 7,5, sobre 15, pois se tilda a proposta de aceptable.

No caso da adxudicataria, TRONCOSO CASARES S.L., para outorgarlle 11 puntos, o que se expresa é que pese a non axustarse ao esquema establecido, desenvolven axeitadamente as distintas áreas que conforman os distintos servizos, relacionándoos co Decreto 149/2013. Tamén se pon en valor que se describa un amplo abano de actividades (con exemplos incorporados, ademais de definición, obxectivos, destinatarios, técnicas de actuación profesional e contidos, organización, recursos humanos e anexos ampliatorios que inclúen un modelo de programación de actividades en centros) que han de levar a cabo as persoas e os grupos homoxéneos, tendo en conta o seu grao cognitivo e as súas capacidades, con referencia a que as actividades, ao igual que a súa temporalización, serán consensuadas.

A maiores se cita que a metodoloxía de intervención céntrase na persoa, con referencia nas Guías Metodolóxicas de Actuación e o Código Deontolóxico do Consorcio, integrando ás familias e redes de apoio. Destácase que no afrontamento de trastornos de conduta e demais supostos establecen actuacións concretas, e só como apuntamento final se alude á adaptación á nova normativa en materia de protección de datos.

Polo tanto, no eido de axuizamento que ten este TACGal verbo de cuestións técnicas, observamos que hai motivación e valoración sobre a que non se aprecia arbitrariedade. Tampouco se acada a constatación cara este Tribunal da realidade afirmación do recorrente de que *“en el apartado “cara a las personas usuarias”, Troncoso Casares S.L. expone un modelo de trabajo opuesto a lo que pide la administración”*.

Neste sentido o informe remitido polo Consorcio no seno deste recurso especial, argumenta que os criterios de adxudicación son os que establece o prego de cláusulas administrativas en consonancia co prego de prescricións técnicas e á normativa recollida no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, pero que, en ningún caso, como da a entender o recurso, os pregos de prescricións técnicas fan referencia ou esixen un determinado modelo de xestión cos usuarios como pode ser o “Modelo de Coidados centrados na persoa” sendo este un modelo máis dentro dos modelos de atención integral ás persoas maiores, de aí que este Tribunal non poida acoller que a oferta gañadora tivera incompatibilidades co prego.

Engade ademais tal informe que, pese a non esixirse este modelo concreto de atención, o recorrente equivócase ao cualificar o modelo de xestión de centros

presentado pola empresa TRONCOSO CASARES S.L, xa que tanto a súa oferta como o informe técnico valorativo da mesma indican que tal entidade traballa tamén nunha metodoloxía de intervención centrada na persoa. Sinala que ao longo de todo o proxecto técnico de TRONCOSO CASARES S.L, fanse múltiples alusións a este modelo centrado na persoa e tamén se desprende dos anexos que presentan como modelos de programación de actividades nos centros (apartados 2.1.; 2.2.2; 2.2.4. e 3. do proxecto técnico de TRONCOSO CASARES S.L).

En definitiva, as cuestións concretas nas que entra o recurso manifestando que merecía unha mellor valoración estarían dentro da discrecionalidade técnica, sen que se aporten elementos que poidan facer entender que se excede da mesma – a referencia ao sucedido noutra licitación non o é-, ou que se incorreu en arbitrariedade ou noutra institución invalidante a efectos da dimensión revisora ate a que pode chegar este Tribunal.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Desestimar** o recurso interposto por UTE-SERVICIOS ASISTENCIALES RIAZOR Y ATENDO CALIDADE contra a resolución de adxudicación dun contrato de servizo asistencial de atención diurna e atención residencial nos centros de día de Allariz, A Rúa, Vilar de Barrio, Xinzo de Limia, Maceda, Vilardevós, e nos Fogares Residenciais de Vilar de Barrio e Vilardevós, expediente: CGSIB/002/17/XSP-CONC-AD, por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.